

CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

Expediente núm.: 167/2024

Procedemento: Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado Sumario

Asunto: Rehabilitación dunha das antigas vivendas dos mestres de titularidade municipal sita no Camiño do Arieiro nº 4 (A Terrachán)

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO

Emítase a presente Memoria de acordo co disposto nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) e dando cumprimento ao disposto no artigo 63.3 da LCSP.


1.- De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público “As entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado a súa adxudicación. As entidades do sector público velarán pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, favorecerán a axilización de trámites, valorarán a incorporación de consideracións sociais, ambientais e de innovación como aspectos positivos nos procedementos de contratación pública e promoverán a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na presente lei”.

Características do contrato:

Tipo de contrato: Obras	
Obxecto do contrato: Rehabilitación dunha das antigas vivendas dos mestres de titularidade municipal sita no Camiño do Arieiro nº 4 (A Terrachán)	
Procedemento de contratación: Aberto simplificado Sumario	Tipo de Tramitación: Ordinaria
Código CPV:	
45200000-9 45454100-5	Traballos de construción de inmobles e enxeñería civil Traballos de restauración
Valor estimado do contrato: 48.662,23 euros (IVE excluído)	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 48.662,23	IVE%: 21%
Orzamento base de licitación IVE incluído: 58.881,30	
Prazo de execución: 6 meses	

Visto que o obxecto deste contrato é a execución das obras correspondentes á memoria:





CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

Obxecto:	Rehabilitación dunha das antigas vivendas dos mestres de titularidade municipal sita no Camiño do Arieiro nº 4 (A Terrachán)	
Autor da memoria	Titulación	Orzamento
Marcos Sánchez López	Arquitecto	58.881,30 € (ive incluído)

O obxectivo desta contratación é a rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal para destinalas para alugueiro social en réximen de alugamento á unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o IPREM.

Á vista do indicado, queda acreditado que a contratación descrita ten coma finalidade o cumprimento e realización dos fins institucionais do Concello.

2.- O valor estimado do contrato ascende a 48.662,23 euros (IVE excluído).

No tocante á existencia de crédito suficiente e axeitado para autorizar o gasto para a execución da obra consistente na “Rehabilitación dunha das antigas vivendas dos mestres de titularidade municipal sita no Camiño do Arieiro nº 4 (A Terrachán)”, cabe sinalar que existe crédito na aplicación 920-632 do orzamento do exercicio do 2024, para facer fronte ao gasto desta anualidade, quedando sometido a anualidade do 2025 a que se orzamente a contía correspondente nese exercicio.

As obrigas económicas do contrato que se derivan para a Administración financiaranse segundo a subvención concedida por Resolución de data 24 de xuño de 2024 do director xeral do IGVS ditada ao abeiro da Resolución do 4 de marzo de 2024 pola que se convocan para 2024 distintas liñas de subvencións para actuacións de rehabilitación (código de procedemento VI422F), para o proxecto denominado “Rehabilitación dunha das antigas vivendas dos mestres de titularidade municipal sita no Camiño do Arieiro nº 4 (A Terrachán)”, cuxo importe ascende á contía de 50.000,00 €, correspondendo ó Concello unha achega complementaria para a execución das obras de 8.881,30 €.


3.- Vista a incidencia de calquera tipo de contratación sobre os gastos e ingresos da entidade, é esencial, en cumprimento dos disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a valoración da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira da mesma.

O principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos orzamentarios SEC-10, obtense da diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos.

A este respecto debe sinalarse que o gasto previsto, imputarase ao Capítulo 6 do Orzamento de Gastos, aplicación 920-632.

O principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, engloba tanto a débeda financeira, como a débeda comercial, principio non afectado debida á escasa aportación do concello no seu financiamento.





**CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)**

***Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es***

4.- O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Non procede a división en lotes do contrato. Tendo en consideración o obxecto do mesmo, e en base ao disposto no artigo 99.3 da LCSP este órgano considera motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:

- a) Dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico, xustificada en que as prestacións comprendidas no obxecto do contrato executadas de forma separada sofren menoscabo ou detrimento.
- b) Risco para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, xustificada en que coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a optimización do control da execución global do contrato; pérdese a coordinación da execución das prestacións; así coma increméntanse os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.

A forma de adxudicación de contrato será o procedemento aberto simplificado sumario, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

A adxudicación do contrato realizarase utilizando como criterios de adxudicación os sinalados no PCAP:

O artigo 116 da LCSP expresa que no expediente se xustificarán adecuadamente os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato.

A elección do procedemento de adxudicación xustifícase por razón da cuantía do contrato, de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

5.- Segundo establecido na Memoria anteriormente referida, establécese un prazo de execución dos traballos de 6 meses.

6.- A presentación de ofertas e solicitudes de participación levarase a cabo utilizando medios electrónicos, de conformidade cos requisitos establecidos na Disposición Adicional décimo quinta.

ROLECE

Todos os licitadores que se presenten ás licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando cumpra no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrencia.

Entrimo, na data da sinatura electrónica.





**CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)**

***Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es***

O Alcalde,
Asdo.: Ramón Alonso López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

